

**EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS
PROVINCIAIS NO PERÍODO 2000-2005**

2. EVOLUCIÓN DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS NO PERÍODO 2000-2005.

Os datos deste apartado ó igual que no resto do informe están expresados en euros, máis exactamente en euros correntes de cada ano, sen ter en conta a inflación, neste caso aínda que nos anos analizados nesta evolución non era oficial o cambio de peseta/euro mantense a expresión en euros para que todo o Informe sexa homoxéneo.

2.1. INGRESOS TOTAIS

O total de ingresos do orzamento teórico suma das catro deputacións pasou dos 350.710.000 euros no 2000 ós 493.436.373 euros en 2005 o que reflicte un incremento global no período do 40,7%, e un incremento interanual medio de 7,1%, experimentando o total de ingresos unha traxectoria de crecemento continuado con incrementos interanuais en tódolos anos do período.

Cadro nº 16

INGRESOS TOTAIS

Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	128.661,1	135.589,3	147.543,4	146.137,0	159.376,7	160.941,5
Lugo	64.573,3	70.245,1	73.244,2	79.766,4	101.975,9	105.316,4
Ourense	62.557,9	61.593,1	67.472,9	75.063,7	79.082,9	85.633,1
Pontevedra	94.917,7	100.228,2	107.595,5	114.847,0	125.122,3	141.545,4
Galicia	350.710,0	367.655,7	395.855,9	415.814,0	465.557,8	493.436,4


Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	116,3	122,3	133,2	131,4	142,2	142,9
Lugo	175,6	192,1	201,2	220,5	282,9	294,9
Ourense	181,8	179,2	195,8	218,4	231,1	252,3
Pontevedra	104,7	109,8	117,4	124,8	134,9	151,0
Galicia	128,7	134,6	144,8	151,9	169,2	178,8

O crecemento global ou entre os extremos do período máis alto ofreceuno o orzamento da Deputación de Lugo co 63,1% e un interanual medio do 10,5%. O orzamento da Deputación de Ourense que é do período analizado o menor, presentou un crecemento total de 36,9% e unha taxa de crecemento interanual do 6,5%.

O orzamento da Deputación de Pontevedra reflicte un aumento porcentual de 49,1% e unha taxa de crecemento interanual de 8,3%. O orzamento de ingresos da Deputación da Coruña amosa unha porcentaxe de crecemento global do 25,1% e unha taxa de incremento interanual do 4,6%, sendo coa Deputación de Ourense a que presenta unha porcentaxe de aumento entre os anos extremos do período inferior ó da suma das catro Deputacións. E tamén a Deputación da Coruña a única que presenta unha traxectoria descontinua con diminución do seu volume de ingresos no ano 2003.

Ingresos Totais por habitante



Ó comparalos orzamentos de ingresos das catro Deputacións provinciais engadindo a variable poboacional, vese que a media de Galicia pasou dos 128,7 euros por habitante no 2000 ós 178,8 euros por habitante en 2005, observándose de xeito destacado que as traxectorias dos resultados nas Deputacións están repartidas en dous pares: o par de Lugo e Ourense, con resultados desde o inicio por encima dos 150 euros por habitante ata chegar preto dos 300 euros per cápita; e mailo o par constituído polas Deputacións da Coruña e Pontevedra, as máis poboadas e nas que as súas cifras de total de ingresos en termos per cápita non superaron en ningún ano

do período a cifra de 150 euros, cá excepción de Pontevedra que os supera neste último ano.

Na Deputación de Lugo rexistráronse os valores máis altos desta variable en tódolos anos entre 2000 e 2005 ámbolos dous incluídos, excepto no ano 2000 ano no que o resultado dos ingresos per cápita no orzamento de Ourense foi superior. En termos per cápita no outro extremo atópase a Deputación de Pontevedra que presenta para tódolos anos o valor máis baixo das catro.

2.2. GASTOS DE PERSOAL

Esta variable presenta unha senda de crecemento continuado ó longo do período para a suma das catro Deputacións cun crecemento total porcentual no período do 43,1% e cunha taxa de incremento interanual do 7,4%, crecemento superior ó do total do orzamento, acadando a cifra de 112.589.889 euros en 2005, observándose que é unha das variables orzamentarias que en termos absolutos presentan menor diferenza entre unhas Deputacións e outras.

Os gastos de persoal nos orzamentos das catro Deputacións creceron de forma continuada sen atopar ningunha diminución interanual. Estes gastos creceron en maior proporción na Deputación de Pontevedra, cun incremento total do 68,7% e unha taxa interanual de 11%, cunha evolución á alza, seguida da Deputación de Lugo cun incremento do 42,6% e unha taxa interanual de 7,4%. Na Deputación de A Coruña o incremento e do 32,6% e unha taxa interanual do 5,8%, e por último na Deputación de Ourense manifestase o incremento máis baixo cun 28,6% e unha taxa interanual do 5,2%.

Cadro nº 17

GASTOS DE PERSOAL


Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	23.280,1	24.153,3	25.960,6	28.889,5	29.719,5	30.869,0
Lugo	18.491,0	19.928,1	21.785,0	22.719,0	23.944,6	26.375,0
Ourense	17.175,6	18.683,8	19.668,9	20.083,6	21.370,5	22.090,3
Pontevedra	19.707,1	21.184,3	22.775,0	24.918,3	28.998,4	33.255,6
Galicia	78.653,8	83.949,4	90.189,5	96.610,4	104.032,9	112.589,9

Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	21,0	21,8	23,4	26,0	26,5	27,4
Lugo	50,3	54,5	59,8	62,8	66,4	73,9
Ourense	49,9	54,1	57,1	58,4	62,4	65,1
Pontevedra	21,7	23,2	24,9	27,1	31,3	35,5
Galicia	28,9	30,7	33,0	35,3	37,8	40,8

En termos per cápita tamén obsérvanse as traxectorias como no total de ingresos separadas en dúas parellas, dunha banda as de Lugo e Ourense e doutra as da Coruña e Pontevedra, reflectindo neste caso máis distancia entre os resultados en termos per cápita xa que as primeiras que parten duns valores preto dos 50 euros por habitante e chegan a 74, están moi por encima dos resultados en gastos de persoal per cápita nas provincias da Coruña e Pontevedra que parten de 27 euros e suben ata os 35 no caso de Pontevedra.



A Deputación de Lugo presenta valores superiores ás outras Deputacións en tódolos anos do período, chegando a se-la súa cifra máis do dobre que a da Coruña a de menor importe en termos de euros por habitante en tódolos anos deste análise, 2000-2005.

2.3. INVESTIMENTOS.

Este agregado de gastos resultado da suma dos capítulos VI, Investimentos reais e do VII, Transferencias de capital, reflicte un incremento global entre os extremos do período do 50,4% para o total das catro deputacións,

A evolución de cada Deputación presenta datos singulares: A de Lugo é a que presenta o maior crecemento desta variable nos anos obxecto de análise, cun incremento do 85,1% e do 13,1% de taxa de incremento interanual. A Deputación de Ourense que é a de menor importe dos investimentos en valores absolutos nos anos obxecto da análise, presenta un crecemento do 55,8% entre os anos extremos do período e do 9,3% de taxa de incremento interanual.

Os orzamentos da corporación provincial de Pontevedra presentaron un estimable crecemento da súa cifra de investimentos desde o 2000 pasando de 39,3 millóns de euros a 70 millóns de euros en 2005 o que representa un crecemento entre estes anos de 79.8%, cunha taxa de incremento de 12,5%, mostrando unha senda crecente continuada en tódolos anos agás o descenso interanual de 2003.

Cuadro nº 18

INVESTIMENTOS


Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	56.980,3	65.009,0	76.220,2	67.088,4	67.206,1	63.424,9
Lugo	28.797,5	30.133,2	34.966,8	40.377,1	36.774,5	53.301,3
Ourense	13.272,9	10.601,6	11.970,4	18.178,3	18.026,1	20.675,2
Pontevedra	39.321,8	54.970,5	58.225,9	55.002,7	62.971,3	70.719,7
Galicia	138.372,5	160.714,3	181.383,3	180.646,5	184.977,8	208.121,1

Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	51,5	58,7	68,8	60,3	60,0	56,3
Lugo	78,3	82,4	96,0	111,6	102,0	149,2
Ourense	38,6	30,7	34,7	52,9	52,7	60,9
Pontevedra	43,4	60,2	63,6	59,8	67,9	75,4
Galicia	50,8	58,8	66,4	66,0	67,2	75,4

A Deputación da Coruña, aínda que segue a presentalos valores máis altos desta variable en tódolos anos do período, foi a única na que se produciu un descenso no orzamento 2005, presenta un crecemento entre estes anos do 11,3%, cunha taxa de incremento interanual do 2,2%, e reflicte unha traxectoria descontinua con altibaixos.



En termos per cápita, como se reflicte no gráfico, vemos traxectorias discontinuas, que se corresponden as sendas xa explicadas, aínda que ó ter en conta a variable poboación o dato máis relevante foi a superioridade do valor de investimentos per cápita resultantes dos orzamentos da Deputación de Lugo en tódolos anos do período, con diferenza apreciable respecto dos valores das outras Deputacións. Noutro extremo están os valores de Ourense que tamén en termos per cápita son inferiores ós das outras Deputacións. A media de Galicia variou dos 50,8 euros por habitante de 2000 a 75,4 euros por habitante de 2005.

2.4. CARGA FINANCEIRA

A carga financeira que soportan as Deputacións provinciais derivada da débeda, isto é, os xuros e comisións mailas anualidades das amortizacións dos préstamos recibidos para o financiamento dos investimentos, presenta una evolución favorable para o total das catro deputacións xa que se reflicte unha diminución global entre os anos extremos do período do 31,5%, resultando unha taxa negativa interanual do 7,3%. Maníféstanse repuntes da carga financeira nas Deputacións de A Coruña e Lugo, así mesmo neste período reflíctese unha diminución nas Deputacións de Ourense e Pontevedra.

Son dúas as Deputacións que presentan unha porcentaxe de descenso entre os anos extremos do período bastante notable é o caso de Pontevedra e Ourense (87,1% e 34,1%, respectivamente), no caso de Lugo o incremento é mínimo do 0,5% cunha taxa de crecemento interanual do 0,1%. O resultado experimentado no orzamento da

Coruña e no senso contrario presentou un incremento porcentual de carga financeira do 23,8% entre 2000 e 2005 e unha taxa de crecemento interanual de 4,4%.

Cuadro nº 19


CARGA FINANCEIRA

Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	9.297,1	12.988,7	10.137,2	12.121,2	11.364,4	11.512,1
Lugo	4.983,4	5.504,1	2.119,7	1.185,0	892,9	5.010,4
Ourense	6.319,3	4.070,6	3.942,7	4.526,0	5.590,5	4.161,8
Pontevedra	11.822,5	3.372,4	2.854,6	11.640,5	3.921,1	1.522,8
Galicia	32.422,3	25.935,8	19.054,2	29.472,7	21.769,0	22.207,1

Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	8,4	11,7	9,1	10,9	10,1	10,2
Lugo	13,6	15,2	5,8	3,3	2,5	14,0
Ourense	18,4	11,8	11,4	13,2	16,3	12,3
Pontevedra	13,0	3,7	3,1	12,7	4,2	1,6
Galicia	11,9	9,5	7,0	10,8	7,9	8,0



Como se reflicte no gráfico de carga financeira por habitante as traxectorias teñen unha gran variabilidade, xa que entremézclanse en repetidos momentos do período temporal analizado, ofrecendo neste caso uns valores superiores en gran parte do período os de Ourense, presentando noutro extremo, inferior, os valores menores de carga financeira por habitante, a Deputación de Pontevedra.

Como traxectoria media de Galicia tamén podemos observar un claro descenso, xa que pasa de 11,9 euros por habitante en 2000 a 8 euros por habitante en 2005.

2.5. AFORRO NETO.

O aforro neto, a diferenza entre operacións correntes de ingresos e gastos e amortizacións de préstamos, experimentou para o total das catro deputacións unha evolución positiva ó incrementarse entre os extremos do período nun 42,9%, e cunha taxa do 7,4% interanual, manifestando unha traxectoria descontinua xa que medra durante os anos 2001 e 2002 para caer durante os períodos 2003 e 2004, volvendo a experimentar medres durante o 2005 para o orzamento teórico suma das catro deputacións.

A evolución da variable aforro neto nos orzamentos de cada Deputación experimentou unha evolución positiva. Podemos falar de alto crecemento nas Deputacións de Ourense cun crecemento do 90,8 cunha taxa de incremento interanual do 13,8% e Pontevedra cun 87,4% de crecemento e unha taxa interanual do 13,4%, mais suaves foron as evolucións da Coruña cun crecemento do 17,8% cunha taxa interanual do 3,3% e de Lugo cun 17,7% e un incremento interanual do 3,3%.

Cuadro nº 20


AFORRO NETO

Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	38.002,1	45.964,9	52.692,7	47.317,5	49.595,9	44.761,0
Lugo	19.270,6	18.054,8	22.774,1	25.209,2	1.728,5	22.672,9
Ourense	4.255,9	4.589,6	4.756,4	4.885,4	4.261,5	8.121,8
Pontevedra	27.832,3	42.662,7	46.000,4	42.205,5	44.871,1	52.145,0
Galicia	89.360,9	111.272,0	126.223,6	119.617,6	100.456,9	127.700,7

Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	34,3	41,3	47,6	42,6	44,2	39,7
Lugo	52,4	49,9	62,5	69,7	4,8	63,5
Ourense	12,4	13,4	13,8	14,2	12,5	23,9
Pontevedra	30,7	46,4	50,2	45,9	48,4	55,6
Galicia	32,8	40,6	46,2	43,7	61,5	46,3



En termos per cápita, da comparación entre Deputacións destaca que a de Lugo foi a que mostrou o maior importe de aforro neto nos primeiros anos deste período (2000-2003) e experimento unha caída forte da súa cifra de aforro neto por habitante no ano 2004, recuperándose de novo no ano 2005. Os valores resultantes en termos per cápita nas Deputacións da Coruña e Ourense están por debaixo da media de Galicia.

2.6. INGRESOS TRIBUTARIOS

Os ingresos dos capítulos I e III, impostos directos (recargo provincial do IAE) e as taxas e prezos públicos principalmente, que foron os que en maior medida rexistraron as consecuencias da diminución ou exención do IAE pola entrada en vigor da nova lexislación das facendas locais, reflectiron para o orzamento suma das catro Deputacións un lixeiro medre entre 2000 e 2004 (primeiro ano coa nova lexislación), este medre segue a notarse no período 2005. Neste período o crecemento foi do 118% e cunha taxa de 17%.

Cuadro nº 21

INGRESOS TRIBUTARIOS

Miles de euros

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	12.112,5	12.420,8	13.031,8	11.700,4	9.197,4	30.127,3
Lugo	8.256,0	9.352,4	10.828,3	10.895,6	10.361,1	14.863,0
Ourense	3.679,1	3.783,4	3.804,5	3.903,8	1.517,8	1.930,9
Pontevedra	8.408,0	8.865,5	9.738,3	11.086,6	11.165,8	23.818,5
Galicia	32.455,6	34.422,1	37.402,9	37.586,5	32.242,1	70.739,9

Euros por habitante

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	10,9	11,2	11,8	10,5	8,2	26,8
Lugo	22,5	25,6	29,7	30,1	28,7	41,6
Ourense	10,7	11,0	11,0	11,4	4,4	5,7
Pontevedra	9,3	9,7	10,6	12,1	12,0	25,4
Galicia	11,9	12,6	13,7	13,7	11,7	25,6

Na actualidade podemos observar diminucións deste ingreso de natureza tributaria na Deputación de Ourense cun descenso do 47,5% e cunha negativa taxa resultante do 12,1%

